

**O faro de Lo.Li.Ta.  
Palimpsesto**

**Anxo Tarrío Varela**

**Forma de citación recomendada**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

TARRÍO VARELA, ANXO (2011 [2011]). “O faro de Lo.Li.Ta. Palimpsesto”.  
Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1377>>.

\* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 4 de novembro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor.

## O FARO DE LO.LI.TA. PALIMPSESTO

Anxo Tarrío Varela

*Para Carme*

No verán de 2007, mentres facía algo de paseo terapéutico por un itinerario fixo que incluía rodear o pequeno faro sinalizador que hai na entrada ao porto e que servía de punto de encontro a pandas de xente moza, puiden ir rexistrando a evolución dos *grafitti* con que aqueles adolescentes, non sei se *veraneantes* de fóra ou mocidade do propio Portosín, foran cubrindo a zona branca do fuste cilíndrico da farola, recién pintado no comezo do verán polos servizos portuarios con esmalte verde escuro da metade para arriba e branco brillante a metade baixa.

O *texto* debeu comezar nun escrito de rotulador a dúas tintas, negra e verde, e un debuxo no que a autora, **Lo.Li.Ta.**, se representa a si mesma caricaturizada con pamelas de aza ampla adornada de grandes plumas, canda a súa inseparábel amiga MP, que forma parte do seu séquito de Riot Girls, nas que parece integrarse Lo.Li.Ta, que tomaba así posesión absoluta do faro como espazo en exclusiva e soporte dos seus comunicados. A simple mención do seu nome (ou acrónimo resultante de unir en sintagma abreviado as dúas primeiras letras dun nome e dous apelidos que descoñecemos), singularizado cun punto ortográfico despois de cada sílaba, axiña activa no *desocupado flâneur* as competencias que o levan ao mito da famosa personaxe de Nabokov e proxecta sobre a incógnita autora dos *grafitti*, aínda que non sexa máis que provisoriamente, os tópicos máis coñecidos con que se adoita definir comunmente aquela rapaciña perversa e ousada da novela.

En días posteriores, o cilindro foise enchendo de escrituras variadas, de xeito que o conxunto se me antollou moi atractivo á mirada, debido ao uso que fixeran os/as diferentes usuarios/as de rotuladores con tintas de varias cores, diferentes tipos de letras e debuxos de urxencia ben trazados pola emprendedora anfitrióna do faro, a inefábel Lo.Li.Ta.

Como a miña camiñada terapéutica non me permitía pararme a ler con detalle todo o que alí ía aparecendo cada día, ao pasar botáballe unha rápida ollada mentres rodeaba aquel punto extremo norte do meu itinerario, límite obrigado para volver facer o percorrido en sentido contrario ao que traía, de xeito que a miña mirada, necesariamente anamórfica, lía de cada vez un texto igual pero tamén diferente, como ocorre cos holopoemas ou coa poesía cinética, ao variar os sintagmas coas perspectivas, os movementos e os sucesivos contextos resultantes.

A finais de agosto, as pintadas deixaran de medrar en número e todo indicaba que aquela escritura culminara a súa función comunicativa con perigo de sufrir atentados espúreos ou o celo funcionaril, polo que decidín *salvala* (fixala) coa miña cámara da inminente man

de pintura que os encargados do mantimento de Portos de Galicia non tardaron, efectivamente, en pasarlle por riba, borrando e perdendo (¿para sempre?) o testemuño de aquilo que durante todo un mes convocara un grupo de xente nova.

Con este pequeno traballo quero recuperar para a literatura aquela colaxe caligramática feita case exclusivamente con recortes de cancións e manifestos tirados da rede, convocada como hipotexto comunal e universal naquel punto de encontro, naquel *lugar*, naquel cronotopo chafalleiro pero cheo de enerxía e de tensión discursiva non tan inocente e irrelevante como podería coidarse.

Xa en 2007 fixera eu para a miña columna en *Galicia Hoxe* un xoguete literario de verán titulado “O faro de Lo.Li.Ta”. Dábase alí noticia destes mesmos *grafitti*. Fíxeno coa vaga e remota esperanza de que a miña mensaxe chegase a alguén que me dese luces sobre a indentidade de Lo.Li.Ta., ou á propia heroína. Non tiveron sorte.

Os textos adolescentes dialogaban entre eles como se dun *chat* se tratase. Habíaos de varia autoría, aparte da de Lo.Li.Ta., mociña *glamourosa* militante e de carácter, que escribira cousas que parecen ser as únicas de colleita propia que había no faro: *Espacio de ocio proporcionado por Lo.Li.Ta. y MP en asociación con La Oveja Negra Production* (a carón, con outra letra en negro, podía lerse **glam de mierda**, referido a Lo.Li.Ta., e **gótica de mierda**, referido a MP); *Glamour for Glamour*; EL FARO ES MÍO; *No seas egoísta. Soy lo que me da la gana porque el faro es mío. Punto*. Hai unha declaración curiosa de Lo.Li.Ta : *La verdad es que odio el vandalismo, pero tengo demasiado tiempo libre*. Era o momento de maior fervenza da estética *glam*(umorosa) e *gótica*. Tamén hai comunicados convencionais para a comunidade EMO, a quen alguén crucifica coa retórica máis usual dos manifestos contra esa tribo de descerebrados: *Éste es un aviso para la comunidad EMO: CORTAOS LAS VENAS (PERO QUE SEA DE VERDAD ESTA VEZ)*.

Unha boa parte das anotacións zumega música anglosaxona, con letras de cancións (Freddie Mercury: *I reign with my left hand/I rule with my righth/I'm Lord of the darkness/I'm Queen of the night*”; Steve Harley & Cockney Rebel: “*Oh, dear, Look what/they've done to the blues, blues, blues...*) ou frases para expresar, quizais, naquel contexto, a tristeza adolescente dos efémeros amores de verán: *I feel like I'm gonna die*. A carón da palabra SUICIDE, un verso ben coñecido de David Bowie no seu *Rock 'n' Roll Suicide: Oh, no, love, you're not alone*.

O conxunto amosaba ansias de creatividade, por máis que case sempre elaborados con textos de cortar e pegar, vehículos dos discursos propios da literatura manifestaria, e polo tanto, ás veces, moi agresivos: *La suciedad se va en un Bang* (tomado da publicidade dun produto de limpeza moi actual). *¡Pagareis por lo que habeis hecho a Major Tom! ¡MORID!* Unha creatividade vicaria, delegada, plaxiaria, á que os/as adolescentes poñen tan só a súa sensibilidade de adictos á rede e de ouvintes impenitentes da canción anglosaxona máis á moda. Para min aquilo compoñía un todo caótico cargado, iso si, de potencialidades estético-literarias. Aquí faise certo o pensamento de Duchamp cando afirmaba que a obra de arte faina o espectador, non o artista. Pois o mesmo en literatura, como xa se sabe: é o lector (a sociedade ou un individuo) quen sanciona os textos como literarios. Neste caso, a escritura realizada ao chou no fuste branco dun faro marítimo, con mensaxes procedentes de tribos urbanas e movementos internacionais, como o *grunge*, o *punk*, etc., que, como é ben sabido, levaron en moitos casos á traxedia das súas figuras emblemáticas, a través da droga e da violencia.

O fuste da columna foi restaurado na súa albura inicial polos operarios, e todas aquelas mensaxes quedarían no esquecemento se non as gardase a miña cámara fotográfica (é case imposible que houbera alguén máis coa mesma intención), onde están recolleitos practicamente todos os *grafitti* que compoñían aquel documento cilíndrico e estival de rivalidades inofensivas (¿?) entre tribos que se volven tráxicas nos *feedbacks* que a realidade obriga a practicar no día a día.

A morte violenta da adolescente Cristina Martín no verán de 2010, a mans dunha amiga de catorce anos, gótica, fría e asasina. O asasinato e volatilización do corpo da mociña Marta del Castillo por parte dunha panda de adolescentes amigos da vítima. Os crimes e a violencia adolescente que os medios poñen no noso prato do almorzo a cotío, metéronme arrepiados irtos e xeados onde eu vía soamente un cándido xogo xuvenil de cachorras inocentes, e agora teño que facer unha relectura do faro de Lo.Li.Ta, unha lectura retroalimentada polo terríbel comportamento da realidade que a última hora, cando estou a escribir estas liñas, me presenta outro cadáver procedente de Arriate (Málaga): o de M<sup>a</sup> Esther Jiménez, mociña adolescente, de trece anos, vítima dun amigo de dezasete.

Pensaba eu daquela, cando escribín para o xornal, que en adiante Lo.Li.Ta., nos meus adentros, tería que compartir o seu faro con Cristina Martín, e con Marta, coas mociñas que non puideron chegar a mulleres por xogar coa bárbara estupidez retardadora das pelexas concertadas, até agora máis estupidamente propias dos machos. Agora súmaselle M<sup>a</sup> Esther e desafortunadamente haberá que sumar moitas máis até facer do faro de Portosín un mausoleo de sangue adolescente.

Movido por unha mestura de escrúpulo filolóxico e semiótico e unha atracción pola estética mural, unido a certas recordacións adolescentes propias con algunhas experiencias en abismos e vertixes, dispuxen os fotogramas para unha lectura en plano do que era un texto circular *sinfin* e quedou un poema cheo de rachaduras e de silencios, de logofaxias que quizais algún día a arrichada Lo.Li.Ta. (verdadeiro leit-motiv musical e retrouso firme de constante autoafirmación recorrente neste texto mural), se chega a ter noticia deste palimpsesto aínda activo, saberá explicarnos o alcance real do que alí se escribiu. Velaquí, pois, o poema que título *O Faro de Lo.Li.Ta. Palimpsesto*, feito tan só cuns poucos desgarrados adolescentes que cobraron patetismo e arrepiado coas mortes destes últimos anos, deixando a quen lea este pequeno ensaio o traballo de continuar co labor de restauración, se lle prouguer. Marcel Duchamp vén na miña axuda, pois concerto en parte coa súa convicción de que, contra toda opinión, non son os pintores senón os espectadores quen fan os cadros. Pois así a poesía, que a fan os lectores. Andamos preto do clásico *ut pictura poiesis* horaciano.

Hai dúas cousas que merecen reseñarse. A primeira é que entre as linguas que aparecen nestes *grafitti* non figura o galego, nin tan sequera unha palabra. Hai moito inglés, bastante castelán, un pouco de francés e unha frase correctamente escrita en latín desexándolle descanso e paz a Francisco Umbral, un desexo que no contexto do faro vira a sardónico e cruel. Nada de galego. Estes adolescentes, ou eran de fóra de Galicia ou, sendo de aquí, non teñen o galego como lingua de expresión escrita. A segunda, que si chama máis a atención, é o xeito de se dispoñeren as escrituras das diferentes autorías, cada unha procurando un oco en branco e un trazo diferencial de recoñecemento, sen tentar laminar, eliminar ou neutralizar con tachóns ou calquera outro tipo de manchas ou raspaduras as mensaxes xa presentes no escaso espazo cilíndrico de que dispoñen. Diríase que non escriben de calquera maneira, atropelando os espazos alleos para facer prevalecer os propios

discursos violentamente, senón que o fan con tino, coidando a caligrafía e a disposición das liñas, que mesmo por veces semella estaren inspiradas nos caligramas da vangarda histórica, dada a relativa harmonía que se aprecia contemplando o efecto final do pano branco sobre o que deixaron as mensaxes, sen que o conxunto dea ningunha impresión de vandalismo cabestral e destrutor. Foi iso o que me permitiu tirar unhas fotografías nas que apenas aparecen zonas sucias ou manchas propias de esmorgas nocturnas. Neste ano 2011, dedicado a Lois Pereiro, unha mirada ao Faro de Lo.Li.Ta. coido que contextualiza ben por afinidade o mundo vivencial e literario daquel gran poeta posdandi e prepunki, algo *grunge* por veces, cheo de lucidez, de boas intencións e de amor aos seus.

*En Portosín, febreiro 2011. Á espera de Carme*

*O FARO DE LO.LI.TA.*

[Glamour]  
for  
Glamour  
(Lo.Li.Ta.)

Lo.Li.Ta. & MP  
'07

Este faro y todo lo que  
en él se escribe (a excepción  
del Consejo de Sabias, Spinaka  
y otros espontáneos) pertenece  
a:

- Lo.Li.Ta
- MP
- Riot Girl™\*

Copyright 2007



\* Movimiento feminista cuxa expresión radical son as Riot Grrrl, alternativa do grunge.

EL FARO ES MÍO (¿Faro?)  
(Lo.Li.Ta.)


No seas  
egoísta,  
Lo.Li.Ta.

o.Li.Ta.

Soy lo que me  
da la gana  
porque el faro  
es mío. Punto

...Ajá...

“Let [...?]



# CONSEJO DE

La suciedad se va en un Bang

EVERYTIME YOU  
MASTURBATE, AN  
EMO KID DIE

SABIAS → ¡Pagaréis por lo que  
habeis hecho a *Major Tom!*

↓  
¡MORID!

It's so sweet!  
¿Demasiado azúcar ¿

This dark night...

C'est Jessi

CdS LE FREAK  
C'EST CHIC!

I'am just a man

I'am not a HERO

'If I say I like  
girls, I'm only  
being half right'

~~CONSEJO~~  
~~DE~~  
~~DAMAS~~



Oh here's to my sweet Satan.  
The one whose little path  
would make me sad, whose power is Satan.  
He will give those with him 666.  
There was a little tool shed where  
he made us suffer, sad Satan  
(STAIRWAY TO HEAVEN)

Lo.Li.Ta

ATTE: SPINAKA  
No se lo tomen en cuenta





*Billie*

“I feel like TACOS”

**4EVER**

*‘Cause love is such  
an old fashioned  
word.\**

*Oh, dear, look what  
They’ve done to the  
blues, blues, blues...!*




*Éste es un  
Aviso para la  
comunidad EMO  
CORTAOS LAS VENAS  
(PERO QUE SEA DE VERDAD ESTA VEZ)*

*Lo.Li.Ta. & MP ‘07*

---

\* Da canción *Under pressure*, de Queen.



...the sweet Peton  
...the little path  
...the way sad  
...the is Loli?  
...the with him 666  
...TO HEAVENS  
...of Backwards -



Billie  
4EVER

'Cause love is such  
an old-fashioned  
word -

I-Pool Like  
TACOS  
- I must be  
emo

CON...  
DE...  
LA FINE  
FUE SIN  
PRETENSIONES  
ANTE SPINAKA  
NO SE LA  
TAMEN EN  
CUESTO

Oh, dear, look what  
they've done to the  
blues, blues, blues...!

Este es un  
aviso para la  
Comunidad EMO:  
CORTAOS LAS  
VENAS (PERO  
QUE SEA DE  
VERDAD ESTA  
VEZ)



Espacio de ocio  
proporcionado para  
Loli.Ta  
y  
Cortina  
La m...  
P...  
J...  
M...

...caro y todo lo  
...el ve...

## SUICIDE


“Oh, no, love, you’re not alone!”

(Lo.Li.Ta.)

(Disease -THE ARK)

*And if there is disease in you  
I want to have that disease too  
`Cause I want everything  
That is inside you  
If there is disease in you  
I want to have that disease too  
`Cause if you´d die  
Then I should die beside you*

*—Fall asleep that I  
Will wait beside you—\**




\* Aquí a canción orixinal di: *Fall asleep and I will wake beside you.*

*Clasicismo...*

*Uvas doradas...*

*Punto.\**




---

\* Suposto título da derradeira columna de Francisco Umbral, que morreu sen poder ditala enteira, segundo a súa viúva.

*Requiescat in Pace*

LA VERDAD ES QUE ODIO EL  
VANDALISMO, PERO TENGO  
DEMASIADO TIEMPO LIBRE  
(Lo.Li.Ta.)\*

[s]tyle



---

\* Este cinismo da simpática Lo.Li.Ta. tampouco é orixinal. Está tomado seguramente dos reproches que se lle fan ás pintadas urbanas por parte dos veciños. Abundan na rede.

I FEEL LIKE

I'M GONNA

DIE\*

# QUEEN



---

\* Frase común do inglés utilizada e popularizada polo cantante *country* Joe McDonald, entre outros.

**DÍAS CONTADOS**

**ATTE:**

Ignórala

~~XXXXXX~~

Anónimo

“I reign with my left hand

I’rule with my right” →**Lo.Li.Ta.**

I’m Lord of all Darkness

I’m Queen of the Night”


**Queen 4life**

[...?]la tengo

jurada

[...]SON

[KURT] CoTero—





4  
Life  
Lo.Li.Ta.

**KURT Co:**  
¡Llamen a la Inquisición!  
Sí, aquí  
hay una  
glam!

**LOS GLAM  
SOMOS LOS  
MEJORES**

Sloe  
Gin

Doy Fe

(He dicho)

(Lo.Li.Ta.) ALLEN

Ni mejores

ni peores

sólo

inferiores

¡Pero qué

is inferiores ni

Slow que niño

really muerto!

slow

OK

Sí, sí, una[...]



Sí, sí, una tribu urbana más

Its I'd Bhoot an



-Yessii"

¿ ¿

I'd shot an emo ↔ O CUÁLO?

I mean it.

FU! FU? FU?

Sí, bueno, no, no mucho...

Lo siento FUE SIN PRETENDER[LO]

Life's no fun without a good scare

Grunge tu madre



¡Gótica de la muerte!  
¡Ni eso!



MP  
07

Yo no soy Gótica



NO = SÍ

GÓTICA = NEMO

Glam  
de  
mierda

No eres  
glam ni  
eres nada



A mucha  
Honra!

!!! NO!!!

MIENTES!

(c'omo osas!)  
-Óso con tilde



# RioT GiRL



(Eso lo ha puesto Yessi (Riot Girl)  
Con MI Rotulador. Que conste  
que yo (Lo.Li.Ta.) ¡ODIO Converse\*



---

\* **Riot Girl** é o álbum de estudio debut da estrela de J-Pop e seiyū Aya Hirano. Editouse o 16 de xullo de 2008. Estas nenas estaban moi ao día en cuestións de zapatillas e música feminista.

TREM[MENDO?]  
GAY

I don't  
discriminate,

I hate everyone \*

Lo.Li.Ta.

War is Peace  
Freedom is Slavery  
Ignorance is  
STRENGHT

You had me  
at hello and  
You go where [we go]  
the money goes

Smells Lit  
Kurt Noc

NIRVANA Lo.Li.Ta



\* Consigna antimachista, antirracista, pro derechos humanos, etc.



O faro na actualidade co selo de

**Portos  
de Galicia.**

*Palimpsesto* listo para escribir  
Febreiro 2011